



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

Expediente núm. 2025/E001/000001
2025/G003/001701

DECRETO POLO QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA (BOLSA DE TRABALLO) DE PERSOAL COA CATEGORÍA DE LIMPADOR/A

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto núm. 1427/2025, do 18 de junio (2025/G003/001046), corrixido polo Decreto núm. 1517/2025 do 30/06/2025 (2025/G003/001569), a concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, aprobou a convocatoria e as bases para a constitución dunha lista de espera (bolsa de traballo) de limpador/a (persoal laboral asimilado ás agrupacións profesionais).

A convocatoria, as súas bases foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) co núm. 120, do 26/06/2025 e o Decreto de corrección de erros co núm. 126, do 04/07/2025. Tamén se publicaron no taboleiro electrónico e na páxina web municipal.

O prazo de presentación de solicitudes principiou o 27/06/2025 e rematou o 18/07/2025.

Non existindo aspirantes excluídos/as non se concede prazo para reclamacións aprobándose a lista definitiva.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. As bases números 3 e 4 das reitoras da convocatoria, establecen o seguinte:

“3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse preferentemente a través da sede electrónica do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/>), sen prexuízo das outras formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e das bases no BOP.

A documentación a presentar dentro do prazo de presentación de solicitudes é a seguinte:

- Escrito -preferentemente no modelo do Anexo II, que se porá ao dispor das persoas interesadas na páxina web e no Rexistro Municipal, se é que non se utiliza o da sede electrónica, igualmente válido- no que se solicite participar no proceso selectivo e ademais se consignen os datos persoais e se faga constar que se cumpren todos os requisitos para participar esixidos na base número 2.
- DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante. O documento deberá achegarse completo (por tódalas súas caras). A presentación incompleta do mesmo suporá a exclusión do proceso selectivo da persoa aspirante.
- Titulación académica esixida, por ambas as dúas caras. Suporá a exclusión do proceso selectivo a presentación incompleta do título académico.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

- Relación dos méritos alegados para súa valoración na fase de concurso segundo o modelo normalizado que se xunta ás presentes bases como Anexo III, á que se acompañará a documentación acreditativa dos mesmos que se indica no apartado 5.2 das presentes bases.
- De ser o caso, documento xustificativo de estar en posesión do nivel de coñecemento do galego (Celga 2 ou equivalente) debidamente homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención da realización da proba de galego.
- As persoas aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados/as con grao igual ou superior ao 33 por cento, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acredite tal condición. Tal xustificación permitirá, de demandarse na solicitude, as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas de selección. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal, respecto da capacidade das persoas aspirantes con algunha discapacidade para o desempeño das funcións do posto de traballo convocado, o órgano de selección poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.
- Documento que acredite o coñecemento suficiente do castelán, no caso de persoas con nacionalidade distinta da española.

Non se esixen taxas por participar no proceso selectivo.

A presentación da solicitude supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do/a solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo o proceso selectivo e a xestión da lista de espera (bolsa de traballo).

Así mesmo, os/as solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios electrónico (<https://sede.aspontes.org/sxc/es/informacion/>) e na páxina web do concello para todo o relacionado con este proceso selectivo.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ou Concellaría-Delegada competente ditará resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de cinco (5) días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos da LPACAP. Na resolución identificaranse ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego requirido e que, polo tanto, están exentas de realizar a proba de coñecementos da lingua galega. Tamén se poderán identificar as deficiencias e/ou omisións (non excluíntes) que se poidan detectar na documentación que se presentou para acreditar os méritos sinalados polas persoas aspirantes.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía ou Concellaría-Delegada competente declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do concello. Na citada resolución fixarase o lugar, data/s e hora/s de realización do exercicio da fase de oposición. Tamén se designará o Tribunal que cualifique o proceso, nos termos especificados na base seguinte.

A publicación desta resolución no taboleiro electrónico iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

Agás a convocatoria e as bases, que se publicarán no BOP e no taboleiro electrónico, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro de anuncios electrónico (<https://sede.aspontes.org/sxc/es/informacion/>).

4. TRIBUNAL

Estará formado polo persoal que oportunamente se designe mediante resolución da Alcaldía ou Concellaría-Delegada competente. A súa composición será: un presidente/a, un secretario/a (funcionario/a de carreira) e tres vogalías, coas respectivas persoas suplentes, respectando en todo caso a paridade home/muller e as normas establecidas no TRLEBEP.

Todas as persoas que integren o órgano de selección pertencerán a un subgrupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á categoría convocada. Na súa designación teranse en conta as garantías de imparcialidade e profesionalidade das persoas nomeadas.

En ningún caso poderá formar parte do órgano de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política.
- b) O persoal funcionario interino, laboral temporal, ou laboral indefinido non fixo.
- c) O persoal eventual.
- d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores. As persoas integrantes do Tribunal deberán absterse de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. As persoas aspirantes poderán recusalas de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

O concello poderá esixir das persoas integrantes do tribunal declaración expresa de non acharse incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto nas deliberacións do mesmo.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres das súas persoas integrantes, titulares ou suplentes, debendo estar presentes, en todo caso, as persoas que desempeñen a presidencia e a secretaría do órgano. De todas as sesións que teñan lugar a persoa que ocupe a secretaría redactará a correspondente acta.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de persoas asesoras, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. En particular, poderá designarse persoal asesor para a proba de coñecemento do galego, de ter que realizarse. Este persoal será designado pola concelleira-delegada, ben con ocasión da designación do tribunal, ben posteriormente.”

Segundo. Correspóndelle a concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditar a presente resolución, en virtude das



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

atribucións delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, corrixido pola Resolución núm. 2001/2024, do 5 de novembro (BOP núm. 216, do 08/11/2024).

Por todo o indicado anteriormente, a través do presente decreto, **RESOLVO**:

1. Aprobar a relación **definitiva** das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a constitución dunha lista de espera (bolsa de traballo) de **persoal na categoría de limpador/a**, nos seguintes termos:

a) Persoas aspirantes definitivamente **admitidas**:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 2	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Almeida Alonso, Raquel	***6346**	SI	
2	Antón Rego, Jorge	***6290**	SI	
3	Arias Patiño, Leonor	***6342**	SI	
4	Arriví Ramil, María Noelia	***9017**	SI	
5	Blanco Cazás, María Dolores	***1496**	SI	
6	Blanco Pico, Dosinda	***1640**	SI	
7	Cabanas Ramos, María Remedios	***6932**	SI	
8	Cainzos Prieto, María del Carmen	***1620**	NON	
9	Castro Freire, Martín	***6151**	SI	
10	Castro López, Marta	***1121**	SI	
11	Chao Barro, Teresa Laura	***1286**	SI	
12	Cibreiro Seijas, Bárbara	***0650**	SI	
13	Faus Almiñana, Genma	***1220**	NON	
14	Fernández Paz, Lorena	***4127**	SI	
15	Fernández Rivera, Carlos	***4417**	SI	
16	Ferreiro Bellas, María del Carmen	***4001**	SI	
17	García Pena, María del Mar	***0180**	SI	
18	González Balseiro, Delfina	***1684**	NON	
19	González Puentes, María Luz	***1647**	SI	
20	Leal Nieto, María Ángeles	***0854**	SI	
21	López Bermudez, Ana Belén	***1715**	SI	
22	López Pena, Ana María	***1459**	SI	
23	Loureiro López, Paula	***9713**	SI	
24	Martínez Castro, Jesusa	***0998**	SI	
25	Moreiras Sánchez, María José	***9520**	SI	
26	Pardo García, María Belén	***1346**	SI	
27	Pita Piñón, María Isabel	***5905**	SI	
28	Prieto Franco, María Carmen	***0995**	SI	



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

29	Roca Romero, María José	***1346**	NON	
30	Soto Soto, María Enma	***4732**	SI	
31	Sotomayor Valdes, Celene	***0341**	NON	
32	Soutomayor Valdés, Laritza	***0345**	NON	
33	Tojeiro Fresco, Carmen	***0937**	SI	
34	Trindade da Silva, Marly	***2615**	NON	
35	Vega Díaz, Alba	***3830**	NON	
36	Vega Díaz, Tamara	***4417**	NON	

b) Persoas aspirantes definitivamente **excluídas**:

Non existen aspirantes excluídos/as.

2. Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira ou laboral fixo deste concello, para integrar o **órgano de selección** (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

- Presidencia:

- Titular: Margarita Rivera Piñeiro, persoal laboral (asimilado ao subgrupo C1).
- Suplente: Montserrat González Rivera, persoal laboral (asimilado ao subgrupo A1).

- Secretaría:

- Titular: Noelia Tembrás Tembrás, funcionaria da escala de administración xeral (subgrupo C1).
- Suplente: Julia Guerreiro Rodríguez, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2).

- Vogalías:

1ª):

- Titular: Ángeles Pérez Paz, persoal laboral (asimilado ao subgrupo C2).
- Suplente: Martina Gómez Martínez, funcionaria da escala de administración xeral (subgrupo C1).

2ª):

- Titular: José Durán Tojeiro, persoal laboral (asimilado ao subgrupo C2).
- Suplente: José Luis Formoso Pardo, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo C2).

3ª):

- Titular: Brais Doval Pazos, funcionaria da escala de administración xeral (subgrupo C1).
- Suplente: Óscar Ferreiro Filgueiras, funcionario da escala de administración especial (subgrupo C1).

- Persoal colaborador:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

O órgano de selección (tribunal) poderá solicitar o auxilio de persoal administrativo ou subalterno de apoio, de ser necesario, designado de entre o persoal funcionario ou laboral da entidade local por esta Concellaría-Delegada.

3. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da proba de coñecementos da oposición e, de o caso da de coñecemento da lingua galega e convocar ás persoas aspirantes admitidas, nos seguintes termos:

a) Día: **mércores, 30 de xullo de 2025**

b) Lugar: **Casa Dopeso - Salón de actos**, situado na Rúa Rosalía de Castro, 28 - As Pontes de García Rodríguez.

c) Constitución do tribunal: **09:30 horas**.

d) Realización da proba de avaliación de coñecementos (obrigatoria e eliminatória): **10:00 horas**.

e) Realización da proba de galego, de ser o caso: **12:00 horas**.

f) **Convocar** as persoas integrantes do **tribunal** para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.

g) **Convocar** as persoas **aspirantes** para a realización da **proba de coñecementos** e da proba de **lingua galega** no lugar, día e hora indicados. As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (**DNI** ou pasaporte).

4. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello das Pontes de García Rodríguez (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá.

Ana María Pena Purriños